

**Expediente de contratación 1/2017:** Subministro dun sistema de almacenamento en rede, cofinanciado nun 80% por Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para axudas a infraestruturas e equipamento científico-técnico do Subprograma Estatal de Infraestruturas Científico e Técnicas

Aclaracións técnicas ao prego en resposta ás consultas técnicas recibidas:

Consultas:

- 1.- No prego técnico, nos requisitos de conectividade (páxina 5) requírese que "[...] O sistema deberá conectarse á rede 10 GbE do CESGA mediante un mínimo de 8 portos de 10G" e ademais que "[...] O sistema poderá conectarse adicionalmente a outras redes do Cesga no caso de que se mellore a velocidade de acceso para algúns dos servidores do CESGA."

Entendemos que se poden substituír algún dos 8 portos 10G por un, ou varios, que proporcionen un mellor rendemento á solución global (i.e. ofrecer 4 portos 40/10GbE e 4 portos FDR), **¿pódennos confirmar que sexa así?**

**RESPOSTA:**

**Tal e como se indica no prego, o sistema deberá conectarse á rede de 10Gbe mediante un mínimo de 8 portos de 10G**

- 2.- Na introdución do prego técnico faise referencia ao requirimento mínimo de "*proporcionar unha capacidade neta mínima de 1 Petabyte (1 PB)*", entendemos que esta, e todo o resto de capacidades as que fai mención o prego, son en base 10, **¿pódennos confirmar que é requirido que as capacidades para atender ao prego teñan que ser expresadas en base 10?**

**RESPOSTA:**

**As capacidades requiridas refírense a potencias de 10, é dicir, 1 Petabyte= 10 elevado a 15 bytes.**

- 3.- Referente á fórmula para ponderar os criterios avaliable automaticamente, e referente ao "*ancho de banda máximo en GBs para a oferta*" enténdese que se se ofrecen portos que incrementen o rendemento ofrecido sobre os 10GbE requiridos, poderase aportar para a valoración de dito ancho de banda máximo os resultados obtidos en clientes conectados usando dito acceso (i.e. IB FDR), **¿é así?**

**RESPOSTA:**

Tal e como se indica na resposta a outra pregunta previa, o valor que se utilizará como ancho de banda máximo en GBs é a media dos valores de lectura e escritura para accesos mediante protocolo NFS. Se a oferta inclúe portos adicionais aos requiridos, estes poderán ser tidos en conta para o cómputo do ancho de banda sempre que sexan utilizados mediante protocolo NFS.

- 4.- Referente aos requisitos de xestión (páxina 6) requírese que "[...] O sistema debe de estar configurado para permitir acceso mediante unha rede independente que permita acceder ás facilidades de xestión do equipamento soportada sobre unha rede de tipo fast Ethernet ou superior."

Entendemos que o CESGA dispón dunha rede independente de administración baseada en tecnoloxía Ethernet 1GbE BaseT á que se poderán conectar os portos de administración do sistema proposto, ¿pódennos confirmar que sexa así?

**RESPOSTA:**

**CESGA proporcionará 2 portos de 1 GbE BaseT aos que se conectará a rede de xestión. Se o sistema ofertado necesita interconectar máis portos, a oferta deberá proporcionar un conmutador que permita interconectalos entre si, e que deberá ser conectado á rede de xestión do CESGA.**

- 5.- ¿Podes indicar cal vai a ser a configuración do IOZONE para realizar as probas de rendemento. Con que tamaño de IO se van a realizar as probas?

**RESPOSTA**

**Non existe unha configuración predeterminada de IOZONE nin un tamaño de I/O para verificar o cumprimento do requisito sobre IOZONE. O licitador ten liberdade para seleccionar os parámetros.**

- 6.- No prego indícase que o licitador deberá subministrar os transceivers necesarios para os equipos Juniper EX4500 do CESGA aos que se conectará o sistema de almacenamento. ¿É necesario incluír algún tipo de licencia?

**RESPOSTA**

**Non, só é necesario subministrar os transceivers.**

7.- No apartado 34.2 Confidencialidade, seguridade da información e protección de datos, do prego de cláusulas administrativas particulares, establece a obriga de presentar na oferta unha memoria descritiva das medidas de seguridade que adoptarán.

¿En que sobre debe de incluírse dita memoria?

**RESPOSTA**

**No sobre B: Documentación relativa aos criterios non avaliados mediante fórmulas.**

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017,



Javier García Tobío  
Director Xeral